



ACTA

| | |
|-------------------------|--------------------------|
| Expediente núm.: | Órgano Colexiado: |
| PLE/2017/5 | O Pleno |

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

| | |
|--------------------------|-----------------------------------|
| Tipo Convocatoria | Ordinaria |
| Data | 26 de maio de 2017 |
| Duración | Desde as 20:02 ata as 23:05 horas |
| Lugar | SALÓN DE PLENOS |
| Presidida por | XOSE MANUEL PAZOS VARELA |
| Secretaria | BERTA ALONSO SOTO |

ASISTENCIA Á SESIÓN

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|-----------|-------------------------------|--------|
| 35302226D | ALBA CORDEIRO MAGDALENO | SÍ |
| 78732036T | ALFREDO IGLESIAS SANTOS | SÍ |
| 77010633D | ANDRES GARCIA BASTON | SÍ |
| 36042960M | DOLORES GALLEGO SANTOS | SÍ |
| 53171075C | EVA RODRIGUEZ CALVAR | SÍ |
| 52494246N | FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO | SÍ |
| 73240505H | HÉITOR MERA HERBELLO | SÍ |
| 35300902L | JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA | SÍ |
| 35285485N | JOSE É SOTELO VILLAR | SÍ |
| 36102469J | JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO | SÍ |
| 76807564F | LOURDES RIAL PARDO | SÍ |
| 78735128X | MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO | SÍ |



Concello de Cangas

| | | |
|-----------|--------------------------|----|
| 78730184B | MARIANO ABALO COSTA | SÍ |
| 76811297Z | MERCEDES GIRALDEZ SANTOS | SÍ |
| 78734493L | PÍO MILLÁN BLANCO | SÍ |
| 78735144A | RAFAEL SOLIÑO COSTAS | SÍ |
| 53113479Q | TANIA CASTRO PAREDES | SÍ |
| 78739263M | TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ | SÍ |
| 76328194A | XOSE MANUEL PAZOS VARELA | SÍ |
| 34907283E | XOÁN CHILLÓN IGLESIAS | SÍ |
| 78736615W | ÁNXELA VIZOSO MARCOS | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 28 de abril de 2017

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión anterior realizada o 28 de abril de 2017.

Expediente 3216/2017. Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos vinculados ao ciclo integral da auga

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0,

Abstencións: 8, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.05.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía, do día 18.05.2017, relativa á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos vinculados ao ciclo integral da auga que é como segue:

“O artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 permite ao Concello establecer taxas pola prestación de servizos públicos que se refiran, beneficien ou afecten aos suxeitos pasivos, imposición que deberá realizarse, en virtude do que establece o artigo 15 do mesmo texto legal, mediante a aprobación da oportuna ordenanza fiscal.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Vista a literalidade do artigo 10 da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS VINCULADOS AO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE CANGAS, publicada no BOPPO de 27 de decembro de 2016, que establece:

Artigo 10.—Cobro da taxa

1.—O Concello ou a entidade concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no transcurso do período impositivo. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 90 días.

2.—O período voluntario de cobranza estenderase durante o prazo dos primeiros 15 días do trimestre natural seguinte á de lectura e comprobación de consumos

Vista a solicitude de informe de Intervención presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, con data de entrada de 26 de abril de 2017, na que se interesa a emisión de “informe de Intervención onde se aclare se o período de cobranza establecido no anuncio do BOP do 05/04/2017 cumpre coa legalidade”

Visto o informe emitido pola Intervención ao respecto, con data de 18 de maio de 2017, no que se conclúe que “o inciso contido no anuncio obxecto da solicitude obedece ao previsto nas distintas ordenanzas fiscais que regularon esta taxa nos últimos exercicios, inciso que, por outra banda, se estima que non se axusta á legalidade e que, por ende, resulta preciso realizar as adaptacións oportunas”

En orde a proceder á adaptación da ordenanza á lexislación, e en virtude das competencias que a esta Alcaldía outorga a normativa vixente,

Proponse ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Modificar o artigo 10.2 da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS VINCULADOS AO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE CANGAS, publicada no BOPPO de 27 de decembro de 2016, que quedará redactado como segue:

2.—O período voluntario de cobranza estenderase durante o prazo dos dous meses seguintes á publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio de aprobación do Padrón

Segundo: Someter este acordo a información pública previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello en un dos diarios de maior difusión na provincia, por un período de 30 días, durante os que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Transcorrido este prazo sen presentación de reclamación algunha, considerarase elevado a definitivo o acordo sen necesidade de acordo plenario.”

Tamén se dá conta do Informe de Intervención do día 18.05.2017, que di:



INFORME DE INTERVENCIÓN

| | |
|---------------------|--|
| ASUNTO | <i>Informe solicitado polo Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Cangas, ao amparo do disposto no art. 97/7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sobre o anuncio publicado no BOP do 5 de abril de 2017, onde se aproba o Padrón do primeiro trimestre do 2017 do Ciclo Integral da Auga e se establece o período de cobranza</i> |
| DATA | <i>18 de maio de 2017</i> |
| DESTINATARIO | <i>Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Cangas</i> |
| REFERENCIA | <i>SCM/ 049/17</i> |

ANTECEDENTES.-

Escrito de 26 de abril de 2017 no que se solicita informe de Intervención onde se aclare se o período de cobranza establecido no anuncio do BOP do 05/04/2017 cumpre coa legalidade.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE.-

- 1.- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- 2.- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do Título VI da Lei 39/88, reguladora das facendas locais.(Real Decreto 500/1990)*
- 3.- Lei 58/2003, Xeral Tributaria*
- 4.- Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.(LRBRL)*

INFORME.-

A solicitude de informe formulada polos Concelleiros pertencentes ao Grupo Municipal do Partido Popular presenta o seguinte tenor literal:

Ante o anuncio publicado no BOP do 5 de abril de 2017, onde se aproba o Padrón do primeiro trimestre do 2017 do Ciclo Integral da Auga e se establece o período de cobranza.

Nos atopamos que no punto Quinto do anuncio se pode ler o seguinte: "...establécese como período de cobranza do citado padrón os primeiros 15 días do trimestre natural seguinte á de lectura e comprobación de consumos. O pago poderase realizar mediante domiciliación bancaria ou nas oficinas da concesionaria."

Considerando o art. 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, polo que se establece literalmente que: "O pago en período voluntario das débedas de notificación colectiva e periódica que non teñan establecido outro prazo nas súas normas reguladoras deberá efectuarse no período comprendido entre o día un de setembro eo 20 de novembro ou, si este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte...A Administración tributaria poderá modificar o prazo sinalado no parágrafo anterior sempre que dito prazo non sexa inferior a dous meses".

Por todo elo, se solicita: Informe de Intervención onde se aclare si o período de cobranza establecido no anuncio do BOP do 05/04/2017 cumpre coa legalidade."

Para pronunciarse respecto da legalidade ou non do citado punto Quinto do anuncio, cómpre en primeiro lugar pronunciarse sobre a natureza xurídica da exacción de que se trata, isto é, a natureza xurídica das exaccións amparadas baixo a denominación xenérica de "Padrón de Auga, Saneamento e Depuración". Cómpre deixar sentado xa de principio que a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polos servizos vinculados ao ciclo integral da auga, publicada no BOPPO de 27 de decembro de 2016, outorga a estas exaccións a natureza de taxa. Non resulta ocioso lembrar este aspecto, pois non cabe esquecer que existiu (



e aínda existe nalgúns eidos), un debate sobre a natureza xurídica das exaccións sobre as que versa este informe, sustentado principalmente na diversa forma de prestación do servizo. Así, resumidamente, cando se trata dun servizo prestado directamente pola Administración, a exacción tería a natureza de taxa, mentres que cando se trata dun servizo prestado mediante algunha fórmula de xestión indirecta, como é o caso da concesión de servizo público, a natureza da exacción sería de dereito privado, coa importante consecuencia de que, de ser así, non se aplicarían a normativa dos ingresos de dereito público, sinaladamente a Lei Xeral Tributaria e normativa de desenrolo, polo que, a efectos do solicitado polos dicentes, resulta un punto de capital importancia.

Nun momento tan próximo no tempo como o 24 de novembro de 2015, é o Tribunal Supremo o que parece que ven a resolver definitivamente este debate reavivado con ocasión da entrada en vigor da Lei de Economía Sostible, cando na súa sentenza número 5036/2015, ven a establecer que:

“(...)parten de la distinción entre la potestad tarifaria que, respecto de los servicios públicos municipales prestados por empresas concesionarias, correspondía a los Ayuntamientos, y la política de precios, que se superponía a aquélla y que corresponde al Estado y por transferencia de competencias a la Comunidad Autónoma, pero en el caso presente nos hallamos ante una tasa, es decir un tributo, cuya aprobación se rige por la normativa que establece el Texto Refundido de la ley reguladora de las Haciendas Locales, que no prevé en absoluto "autorización" alguna por parte de la Administración General del Estado o de las Administraciones de las Comunidades Autónomas.

En consecuencia, cuando se trata de tasas no cabe la autorización previa de las mismas, regulada en las disposiciones sobre el control de los precios autorizados.

*Así lo venimos declarando, sentencias, entre otras, de 15 de diciembre de 2011 , cas. 1438/2009 , y 22 de mayo de 2014 , cas. 640/2011 , **siendo de significar que esta última recoge la evolución seguida por la Sala, y que llega a calificar como tasa a la contraprestación, con independencia de cuál fuere el régimen jurídico del servicio, bien por gestión directa municipal o por concesión administrativa por un tercero.***

Esta doctrina ha sido mantenida también después de la entrada en vigor de la Ley de Economía Sostenible en la sentencia de 23 de noviembre de 2015, cas. 4091/2013 , no obstante la supresión del apartado segundo del artículo 2.2 a) de la Ley General Tributaria de 2003 por su disposición final quincuagésima octava”

Por tanto, non cabe máis que conceptualizar as exaccións que establece a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polos servizos vinculados ao ciclo integral da auga, publicada no BOPPO de 27 de decembro de 2016, como taxas, que por tanto participan da natureza de tributos (artigo 2 Lei Xeral Tributaria), e por tanto suxeitas á normativa xeral reguladora deste tipo de ingresos, sinaladamente a propia Lei Xeral Tributaria e o Regulamento Xeral de Recadación.

De acordo co anterior, por tanto, resulta claro que o período de cobranza a establecer debe obedecer ao prescrito polo artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, que como ben se apunta na solicitude, determina:

“Artículo 62 Plazos para el pago

1. Las deudas tributarias resultantes de una autoliquidación deberán pagarse en los plazos que establezca la normativa de cada tributo.

2. En el caso de deudas tributarias resultantes de liquidaciones practicadas por la Administración, el pago en período voluntario deberá hacerse en los siguientes plazos:

a) Si la notificación de la liquidación se realiza entre los días uno y 15 de cada mes, desde la fecha de recepción de la notificación hasta el día 20 del mes posterior o, si éste no fuera hábil, hasta el inmediato hábil siguiente.

b) Si la notificación de la liquidación se realiza entre los días 16 y último de cada mes, desde la fecha de recepción de la notificación hasta el día cinco del segundo mes posterior o, si éste no fuera hábil, hasta el inmediato hábil siguiente.

3. El pago en período voluntario de las deudas de notificación colectiva y periódica que no tengan establecido otro plazo en sus normas reguladoras deberá efectuarse en el período comprendido entre el día



uno de setembro e o 20 de novembro o, si éste non fora hábil, hasta el inmediato hábil seguinte.

La Administración tributaria competente podrá modificar el plazo señalado en el párrafo anterior siempre que dicho plazo no sea inferior a dos meses.

4. Las deudas que deban abonarse mediante efectos timbrados se pagarán en el momento de la realización del hecho imponible, si no se dispone otro plazo en su normativa específica.”

Cabe concluir, por tanto, que o preceptuado no apartado Quinto do anuncio de aprobación do padrón de auga, saneamento e depuración. 1º trimestre 2017, cando di que ...”establécese como período de cobranza do citado padrón os primeiros 15 días do trimestre natural seguinte á de lectura e comprobación de consumos...” non se axusta á lexislación aplicable.

Cómpre salientar que ese inciso reproduce literalmente o establecido no artigo 10 da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS VINCULADOS AO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE CANGAS, publicada no BOPPO de 27 de decembro de 2016, que establece:

Artigo 10.—Cobro da taxa

1.—O Concello ou a entidade concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no transcurso do período impositivo. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 90 días.

2.—O período voluntario de cobranza estenderase durante o prazo dos primeiros 15 días do trimestre natural seguinte á de lectura e comprobación de consumos.

Na anterior ordenanza reguladora desta taxa, no mesmo artigo 10, publicada no BOPPO de 26 de febreiro de 2016, establecíase unha dición literalmente idéntica:

Artigo 10.—Cobro da taxa

1.—O Concello ou a entidade concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no transcurso do período impositivo. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 90 días.

2.—O período voluntario de cobranza estenderase durante o prazo dos primeiros 15 días do trimestre natural seguinte á de lectura e comprobación de consumos.

E remontándose á anterior ordenanza reguladora, a publicada no BOPPO de 12 de decembro de 2014, establecía, no seu artigo 13:

1. O Concello ou a entidade concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no transcurso do período impositivo. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 60 días.

2. O período voluntario de cobranza estenderase durante o prazo dos primeiros 15 días do bimestre natural seguinte á de lectura e comprobación de consumos.

Parece, por tanto, unha previsión que foi pervivindo nas diferentes ordenanzas reguladoras, e que, sen perxuízo do anterior, deberá ser obxecto de cumprida adaptación á lexislación vixente.

CONCLUSIÓNS

En base a todo o anteriormente exposto, esta Intervención conclúe que o inciso contido no anuncio obxecto da solicitude obedece ao previsto nas distintas ordenanzas fiscais que regularon esta taxa nos últimos exercicios, inciso que, por outra banda, se estima que non se axusta á legalidade e que, por ende, resulta



preciso realizar as adaptacións oportunas.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: cre que o sinalado no informe do interventor pon de manifesto que algo non funciona, polo que pide que se tomen medidas para que este tipo de situacións non se volvan a repetir, nin a nivel político nin funcionarial.

Sr. Millán Blanco: lembra que é a segunda vez que se ten que modificar esta ordenanza fiscal. Indica que foi o grupo PP quen presentou un recurso nesta materia, relativo ao prazo de 15 días para o período voluntario de cobranza. Cre que é bo que se modifique a ordenanza neste punto, pero pregunta qué ocorre co recurso presentado polo PP, xa o recurso non se respostou. Desde marzo de 2105 publicáronse once padróns dos cales dous foron mal publicados, o dous foron recorridos polo PP e non se lles deu resposta.

Pregunta que pasa co anuncio ilegal, que pasa coa cidadanía que non pagou no prazo de 15 días cando debería ter un prazo de dous meses.

Sr. Alcalde: resposta que non teñen coñecemento de que houbera problemas no pagamento voluntario. Indica que o problema no prazo para o pagamento en período voluntario ven desde o 2014, polo que se pregunta por qué o grupo PP non tivo naquel entón a mesma vehemencia que agora.

Sr Abalo Costa: di que no caso de que a concesionaria aplicase recargos, os veciños terían todo o dereito á súa devolución, se ben non tivo coñecemento de que tal problema se teña producido.

Sr. Iglesias Santos: pide que se emita informe técnico a este respecto para que a partir de aí os veciños teñan coñecemento dos seus dereitos.

Sr Alcalde: di que os servizos xurídicos xa están traballando niso.

Sr. Millán Blanco: indica que o informe de intervención fai referencia ao anuncio do padrón, os anuncios publicados co goberno do PP establecían un prazo de dous meses, porque é o que establece a Lei, por outra banda o art. 9 da ordenanza xa indica a obrigatoriedade de cumprir o disposto na lei, polo que, o prazo de dous meses é aplicable en todo caso independentemente do disposto no art. 10 da ordenanza.

Cre necesario que se publique un novo anuncio.

Sr. Alcalde: di que se adoptarán as medidas oportunas que determinen os servizos técnicos municipais.



Sr. Millán Blanco: lembra que na prensa se acusou ao PP por pedir a corrección deste prazo de pagamento en período voluntario desde o equipo de goberno, por iso e porque aínda non se fixo a corrección do anuncio do padrón, vanse abster.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide).

Abstencións: 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos vinculados ao ciclo integral da auga.

Expediente 3232/2017. Modificación da dedicación exclusiva dos/as concelleiros/as grupo municipal ASPUN

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 11, En contra: 0,
Abstencións: 10, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.05.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía, do día 18.05.2017, relativa á modificación da dedicación exclusiva dos/as concelleiros/as grupo municipal ASPUN que é como segue:

“Visto que o Pleno na súa sesión extraordinaria de 26 de xuño de 2015 estableceu no punto primeiro do acordo sobre asignacións económicas (Punto 7º da Orde do día) fixar como postos con dedicación exclusiva os seguintes:

- *Alcaldía: Dedicación exclusiva a partires do 1 de setembro de 2015.*
- *Concelleira delegada de Obras e servizos*
- *Concelleiro delegado de Facenda, Urbanismo e Patrimonio*
- *Concelleiro delegado de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade*

Visto que o Pleno na súa sesión de 27 de maio de 2016 acordou modificar o punto primeiro do acordo de Pleno de 26 de xuño de 2015 sobre asignacións económicas, referido á determinación de postos con dedicación, retirando a dedicación exclusiva do cargo de Concelleiro delegado de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade e establecendo a dedicación exclusiva da Concelleira de Participación veciñal, Transparencia e Asociacionismo a partires do 15 de xuño de 2016.

Visto que o grupo municipal Asemblea pola Unidade comunicou ao Concello o acordo adoptado



pola coordinadora do seu partido en data 3 de maio de 2016 de remate da dedicación exclusiva da Concelleira de Participación veciñal, Transparencia e Asociacionismo, pasando tal dedicación exclusiva á Concelleira de Desenvolvemento económico e Emprego Local, Ánxela Vizoso Marcos a partires do 15 de xuño de 2017.

De conformidade co disposto nos artigos 75 da Lei 7/ 1985 e 13 do Rd. 2568/1986, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar o acordo de Pleno de 27 de maio de 2016 sobre asignacións económicas, referido á determinación de postos con dedicación, retirando a dedicación exclusiva do cargo de Concelleira de Participación veciñal, Transparencia e Asociacionismo e establecendo a dedicación exclusiva da Concelleira de Desenvolvemento económico e Emprego Local a partires do 15 de xuño de 2017.

Segundo.- Este acordo publicarase no BOP así como no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Alcalde: explica o contido da proposta, baseada nun acordo adoptado ao inicio da lexislatura polos membros do grupo ASPUN.

Sr. Iglesias Santos: afirma non enterder porqué na proposta se fai referencia á reunión da coordinadora do partido de data 3 de maio de 2016.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Abstencións: 10 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3215/2017. Consello Municipal de Deportes

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 9,
Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.05.2017.



Concello de Cangas

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta do Concelleiro de Ensino e Deporte, do día 18.05.2017, relativa ao Consello Municipal de Deportes que é como segue:

“APROBACIÓN REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE CANGAS

Coa extinción do Organismo Municipal de Deportes, obríganos a que se deba estruturar unha nova organización co fin de poñer en valor a verdadeira dimensión da actividade físico-deportiva no noso concello. Por estes motivos consideramos necesario e mais que xustifico a creación dun Organo de Participación específico como é o CONSELLO MUNICIPAL DO DEPORTE. Polo que, propoño que se tome o seguinte acordo:

1º.- A aprobación do regulamento que se achegan para crear o Consello Municipal do Deporte do Concello de Cangas.

2º.- Proceder a publicación do devandito acordo no BOP de Pontevedra.

3º.- Dar traslado do presente ós efectos oportunos.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Chillón Iglesias: explica o obxecto da proposta, que deriva da desaparición da Fundación deportiva e polo tanto do Consello reitor de deportes. Explica a estrutura organizativa do Consello Municipal de Deportes.

Sr. Gestido Porto: pregunta se se trata dunha aprobación inicial.

A Secretaria resposta que si.

Sr. Gestido Porto: non entende que tras a desaparición do Consello reitor da fundación deportiva agora se cre o Consello municipal de deportes. Considera que é unha falta de respecto aos clubs deportivos e que unicamente se trata de disfrazar o fracaso da xestión deportiva do actual equipo de goberno.

Sr. Iglesias Santos: considera que os protagonistas da área de deporte deben ser os clubs deportivos e os deportistas. Fai referencia á estrutura orgánica do Consello, concretamente á comisión permanente, xa que cre que non se lle debería dar a un funcionario o mesmo protagonismo que aos políticos, xa que debería ter unha función meramente técnica, pide que se reflexione sobre esta cuestión relativa ao coordinador técnico de deportes, se non se modifica presentará unha alegación ao respecto.

Sr. Alcalde: indica que o informe de secretaría explica o procedemento de aprobación da ordenanza deixando claro que é unha aprobación inicial.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Sr. Soliño Costas: considera que a organización do Consello Municipal de Deporte en moitos aspectos pode ser máis un entorpecemento que unha forma de facilitar a xestión deportiva municipal. Considera que o actual funcionamento da concellería de deportes deixa moito que desexar e o importante non é tanto crear novos órganos como xestionar debidamente os intereses e necesidades dos clubs e deportistas.

Sr. Chillón Iglesias: pregunta qué inversións importantes se fixeron na área deportiva polo Sr. Gestido Porto ou polo Sr. Soliño Soliño, cando foron responsables desta concellería. Nos dous anos que leva xestinando a área de deportes mantívose o mesmo orzamento que había nos anos anteriores sen diminuír este, asinouse un convenio con Frigoríficos do Morrazo como se veu asinando en anos anteriores, as actividades deportivas tampouco se teñen diminuído sen prexuízo de que todo sexa mellorable. En canto a infraestruturas deportivas se está a traballar para satisfacer as necesidades dos diferentes sectores do deporte.

Sr. Gestido Porto: cre que son os clubs os que teñen que respostar ás cuestións presentadas polo Sr. Chillón Iglesias. Repite que non entende que se pretenda crear un organismo de deporte que fai un mes disolveron. A disolución do Consello Reitor e da Fundación supuxo enterrar toda posibilidade de aportacións privadas de apoio na área deportiva.

Sr. Soliño Soliño: considera que na súa época como concelleiro de deporte se fixeron numerosas inversións en infraestruturas coma o campo do Alondras ou a piscina entre outras. É consciente de que hai limitacións económicas, pero haberá que planificar e buscar os cartos como fixeron eles.

Sr. Iglesias Santos: cre que o labor do concello é apoiar ao deporte facendo propostas, suxestións, posibilitando infraestruturas e sobre todo escoitando a clubs e deportistas.

Sr. Chillón Iglesias: insiste en que o funcionamento da súa área está en manter a totalidade de servizos e actividades que integran a concellería, traballando por mellorar e satisfacer as necesidades dos clubs: non entende o tono catastrófista dos Sres. Gestido Porto e Soliño Soliño.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 12 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE).

Abstencións: 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3192/2017. Moción grupo ASPUN de 20/04/2017 s/ a Renda de Inclusión Social de Galicia



Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.05.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal Aspun, do día 19.04.2017, relativa a Renda de Inclusión Social de Galicia que é como segue:

“MOCIÓN que presenta o Grupo Municipal Asemblea pola Unidade ante o Pleno do Concello de Cangas referida á Renda de Inclusión Social de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise consolidou en Galicia un modelo que afondou nas desigualdades e na exclusión social: aumentaron os niveis e a duración do desemprego, aumentou a precariedade laboral e reducíronse os ingresos por fogar.

A taxa de risco de pobreza e exclusión chegaba en 2015 case ao 26% e a porcentaxe de persoas en exclusión material severa era do 4,2%, tendo aumentado durante a crise. O risco de pobreza e exclusión social é meirande entre familias monomarentais (53%), mocidade de 16 a 29 anos (36,4%) e menores de 16 anos (35,4%) - datos de 2014 -.

Se a pobreza severa afectaba en 2015 a 132.000 persoas, a RISGA foi percibida ese mesmo ano por 3.848 persoas (datos do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade).

Ademais, a RISGA é unha das rendas máis baixas do Estado (399 €/mes) e con menor cobertura (4,4 persoas beneficiarias por cada 1000 habitantes).

O 1 de xaneiro de 2014 entraba en vigor a lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, que modificaba a anterior da RISGA. Malia o aprobado na disposición derradeira da lei - “a Xunta de Galicia, nun prazo máximo de seis meses desde a publicación desta lei, elaborará as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación” -, actualmente non se dispón dun decreto que a desenvolva. A falta de decreto regulador da lei provocou e provoca unha xestión opaca e restritiva da prestación: atrasos na tramitación, falta de criterios homoxéneos, control e burocratización excesiva, etc, que redundan nun afastamento das persoas en exclusión social do sistema.

Pola súa insuficiente contía, pola excesiva burocracia, pola falta de desenvolvemento dos tramos de inserción e transición ao emprego ou polos criterios restritivos na concesión da RISGA, esta renda amósase como unha ferramenta que non garante a inclusión social.

Polo exposto, o Pleno do Concello de Cangas do Morrazo insta á Xunta de Galicia a:

1. Elevar en 2018 a dotación da RISGA, co obxectivo de igualala, canto menos, á media do conxunto do Estado.

2. Impulsar, antes do remate do ano 2018, a publicación do Decreto que desenvolva a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, de xeito dialogado cos sindicatos e coas asociacións e entidades que traballan sobre a pobreza e exclusión social.



3. Regular, no devandito decreto, os tramos de inserción e transición ao emprego.

4. Aumentar os Orzamentos da Consellería de Política Social en 2018 para garantir orzamento suficiente para o desenvolvemento da Lei de Inclusión Social.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Hermelo Álvarez: dá lectura á moción, explicando o obxecto desta. Lembra que Galicia é unha das Comunidades Autónomas coa renda de inclusión social máis baixas de España, dá lectura aos puntos de acordo. Adianta que hai un engadido do BNG para completar a moción que é aceptada pola Aspun, que di:

“5.- Instar á Xunta a facer efectiva a iniciativa aprobada no Parlamento Galego o 12 de xuño de 2014, axilizando a tramitación da Renda de Inclusión Social de Galicia e as Axudas de Inclusion Social, para adecuar o tempo aos prazos que marca a normativa vixente.

Así mesmo, o acordo de que todas as persoas que teñan solicitada a Renda de Inclusión Social de Galicia pola Lei de inclusión social de Galicia e estean agardando pola resolución deste, superado os tempos legais establecidos, lle sexa reconecido o dereito á percepción da Renda por silencio administrativo.”

Sra Giráldez Santos: explica o engadido dun punto á moción presentada por Aspun.

Sr. Gestido Porto: está de acordo coa proposta, pero non entende que se se pide o incremento da dotación da Risga por un lado e por outro que suprimen certas bonificacións coma as relativas ás tarifas do ciclo da auga. Fai referencia a un escrito presentado fai meses en relación á supresión destas bonificacións recollidas no artigo 5 da sinalada ordenanza.

Sr. Iglesias Santos: di que votará a favor, se ben hai cousas que non lle casan. As porcentaxes recollidas na moción cre que debería referirse á poboación de Cangas. Pregunta si coinciden os dependentes cos cobradores da Risga. Sería conveniente circunscribir os datos que aporta a moción a Cangas.

Millán Blanco: está de acordo co contido da moción. Considera necesario destacar o punto terceiro, por que se están dando casos de outorgamento de Risga fronte a persoas en situación máis graves que están en lista de espera. En canto ao engadido do BNG, ten dúbidas sobre se o prazo de 2 meses de silencio administrativo é conforme ao disposto na normativa.

Sr. Hermelo Álvarez: explica que a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos vinculados ao Ciclo integral da auga inclúe bonificacións que ademais foron desenvolvidas polo técnicos de Servizos Sociais en relación ao disposto no artigo 5.1 que establece que: “*Estarán exentos do pago da taxa os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), tamén se incluírán nesta exención os solicitantes da RISGA, nos que pasaran mais de tres meses dende a*



solicitud e se atopen pendentes de resolución; que en caso denegatorio estarían obrigados a comunicar dita situación. Serán beneficiarios de esta exención os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado”

Sr. Gestido Porto: di que o que está claro é o publicado no BOPPO.

Sr. Alcalde: indica que non hai problema en que o Sr. Gestido Porto solicite a información sobre as bonificacións das tarifas de auga, pero non é obxecto deste punto da orde do día.

Sra. Giráldez Santos: di que o engadido é transcripción da iniciativa presentada ante o parlamento autonómico sobre esta mesma materia.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada.

Expediente 3194/2017. Moción grupo PP de 04.05.2017 s/ as obras das instalacións do Campo do Morrazo

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 9, En contra: 11,
Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.05.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 04.05.2017, relativa ás obras das instalacións do Campo do Morrazo que é como segue:

“D. José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do Grupo Municipal do PP de Cangas, presenta ao Pleno da Corporación, para o seu debate e aprobación se procede a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICION DE MOTIVOS :

Unha vez mais, o Sr. Alcalde de Cangas seguramente froito da súa incapacidade na xestión, fai unhas declaracións totalmente desafortunadas e ameaza ao Alondras CF con modificar o convenio con dito clube, culpando incluso a esta formación política que teño a honra de representar de interferir na xestión dun goberno progresista. Igual que Maduro.

Esquece o Sr. Pazos Varela os comentarios feitos no seu día de que a obra da grada do Campo do Morrazo era un despilfarro, ao igual que esquece que recepcionou a obra no mes de xaneiro e 3 meses despois os deportistas seguen cruzando a estrada para acceder o terreo de xogo por non ter auga quente nas instalacións e xa veremos cando se abran as portas o que aparece.

Esquece o Sr. Pazos Varela que leva dous anos presidindo o Concello de Cangas.



Concello de Cangas

Unha vez mais o goberno pseudoprogresista de Cangas incumpriu as súas obrigas.

Moitos esquecementos xuntos.

Por todo iso efectuamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO :

O Pleno da Corporación do Concello de Cangas insta ao goberno Municipal e maila Deputación a que rematen as obras das instalacións do Campo do Morrazo e as poñan ao servizo dos deportistas do Alondras.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Soliño Soliño: explica o contido da moción. Di que hoxe se despertou coa boa noticia de que lle foron entregadas ao Presidente do Alondras as chaves do Campo do Morrazo. Gustaríalle saber se as obras están rematadas definitivamente.

Sr. Alcalde: di que as obras están rematadas, e que se fixeron ademais as modificación nas obras solicitadas polo propio clube. Di que por este motivo votarán en contra da moción.

Sra. Giráldez Santos: explica a tramitación do proxecto das obras no campo do Alondras desde o ano 2014. Tal proxecto non respondía ás necesidades existentes, non houbo estudo xeotécnico polo que ao levantarse as gradas existentes se puxo de manifesto a necesidade de modificar o proxecto, incrementándose a súa contía. De todos os avances e cambios o clube foi informado puntualmente. Di que o resultado non é o ideal nin a xuízo do clube nin do concello, porque o procedemento non foi iniciado cos estudos e proxectos realmente necesarios, ademais os imprevistos que se foron manifestando foron solucionados cos cartos que debería terse invertido en melloras. E todo isto, sen contar cos cartos que tivo que poñer o Concello para mellorar partes das instalacións. Aínda así hai defectos, pero os cartos son os que son e o proxecto era o que era, polo que o concello seguirá traballando niso.

Sr. Gestido Porto: di que se está a falar dunha obra que vai ser utilizada por 200 ou 300 rapaces e en cuxas gradas se vai a sentar moitísima xente e a responsable da concellería de obras di que a obra non cumpre coas medidas e garantías necesarias. Indica que a acta de recepción debería estar asinada por técnicos municipais que garantan a seguridade desa obra e pide que lla entreguen. Lembra que o Concello é o titular do campo de fútbol, pregunta si cumpre esa instalación deportiva os requisitos de seguridade. Di que votará a favor da moción. Propón un engadido que pida que as instalacións cumpran os requisitos de seguridade.

Sr. Alcalde: di que a Sra. Giráldez Santos falou das carencias que hai non campo do Alondras, pero non de defectos de seguridade. Carencias que proceden do proxecto que aprobou o goberno do PP. Lembra que o Concello non é propietario do campo, senón que se fixo unha cesión ao concello. O Estadio do Alondras non pode ser un pozo sen fondo, coma tampouco ningunha outra instalación deportiva, porque o concello non dispón de todos eses cartos.

Sr. Iglesias Santos: di que estamos falando dunha instalación privada que ten recibido máis dun

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



millón de euros para as melloras do campo de fútbol, o cal mete un pouco de medo e pide que se reflexione sobre iso, porque falamos de cartos públicos que son de todos os veciños.

Sr. Soliño Soliño: di que as instalacións deportivas requiren dun mantemento obligatorio. Lembra que os proxectos de obras os fan os técnicos e non os políticos. Sinala que se fose polo equipo de goberno nin grada habería no campo do Alondras. Advirte que hai un grave problema porque está a entrar auga.

Sr. Alcalde: di que os defectos derivados da obra os ten que asumir a empresa que a executou. Indica que os problemas de que entre auga son nun almacén, non son na zona de uso por deportistas e afeccionados.

Sr. Soliño Soliño: pide que se solucione o problema do muro e que os pequenos problemas da grada se resolvan canto antes.

Sr. Alcalde: explica que o problema do muro está en estudo, lembra que ese muro xa existía antes de que se realizase a cesión a favor do concello. Está de acordo en que hai que arreglar o muro, pero haberá que saber como e por qué.

Sra. Giráldez Santos: di que a situación que describiu conta efectivamente cunha acta de recepción asinadas polos técnicos competentes e tales obras están rematadas o que non impide que haxa carencias, que non figuraban no proxecto e podería terse mellorados se a baixa realizada pola empresa adxudicataria se tivese dedicado a tales melloras e non a cubrir os imprevistos na obra da grada. En canto ao cerramento é algo que hai que estudar moi polo miúdo. Lembra que o concello puxo moitos cartos para imprevistos que non tiña porque poñer. O PP acepta o engadido do Sr. Gestido Porto: “Cumprindo a normativa das instalacións deportivas.”

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de "CANGAS DECIDE").

Votos en contra: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Abstencións: 1 do concelleiro presente do PsdeG-PSOE.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Incidencias:

Cando son as 21:25 horas abandona o Salón de Sesiões o Sr. Alcalde quedando na Presidencia a primeiro tenente de Alcalde, Sra. Giráldez Santos.



Expediente 3195/2017. Moción grupo PP de 04.05.2017 s/ a obra "Pavimentación e dotación na EP-1005"

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 9, En contra: 11,
Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.05.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 04.05.2017, relativa á obra "Pavimentación e dotación na EP-1005" que é como segue:

"D. José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do Grupo Municipal do PP de Cangas, presenta ao Pleno da Corporación, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICION DE MOTIVOS :

O pasado 19 de Abril do 2017 o Deputado de Mobilidade e mais o Alcalde de Cangas visitaron na parroquia de O Hío a estrada provincial EP 1005 O Viso -Igrexario, anunciando que xa teñen un anteproxecto no que se reflexa unha beirarrúa de 2 mts. Pola marxe D. en dirección o Igrexario.

Lembrar que había un convenio asinado en abril do 2015 por importe de 1.050.958 € , onde a Deputación facía unha achega de 850.958,27 € nunha soa anualidade e o Concello 250.000 en dúas (2015 e 2016)

Acusaron ao PP de que non había proxecto, cando saben que non era certo, entre outras cousas porque é necesario para a sinatura do convenio (achegase una copia do alzado) ,e agora 2 anos despois presentan un anteproxecto por mais cartos 1.200.000 € e con una soa beirarrúa .

Por todo iso efectuamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO :

O Pleno da Corporación do Concello de Cangas insta ao Concello e a Deputación a que leven a cabo a obra "Pavimentación e dotación de servizos na EP-1005 con beirarrúas polas dúas marxes, tal e como se tiña previsto no proxecto que motivou o convenio asinado en abril do 2015."

DELIBERACIÓNS:

Sr. Soliño Costas: expón o contido da moción. Fai un resumo do procedemento tramitado na EP-1005, desde o convenio que asinou no ano 2015 o Sr. Sotelo Villar e o Sr. Rafael Louzán. Dá lectura aos puntos de acordo.

Sr. Iglesias Santos: cre que esta moción é un ataque do PP contra a Deputación de Pontevedra. Explica os imprevistos xurdidos na tramitación do procedemento para a execución das obras de



pavimentación e dotación na EP 1005, en relación principalmente coa cesión de terreos polos veciños. Considera que en dous anos algo pasaría para que o convenio do ano 2015 non se teña executado. Lembra que na comisión informativa o PP comprometeuse a aportar documentación do proxecto que aínda non presentaron.

Incidencias:

Cando son as 21:31 horas incorpórase ao Salón de Sesiós o Sr. Alcalde.

Sra. Giráldez Santos: indica que non existía un proxecto das obras senón unha memoria valorada e un levantamento topográfico que lle facilitou a Deputación. Con anterioridade ao convenio hai un anteprojecto do 2014, un borrador de anteprojecto de maio de 2014 e un presuposto de medicións, cada un por diferentes contías entre os 900.000 € do anteprojecto e os 700.000 do presuposto de medicións. Repite que non existía proxecto das obras, polo que sen proxecto non é posible a execución das obras.

Considera que hai que partir estudando a validez do levantamento topográfico e que a Deputación xa está traballando para que se leve a cabo a redacción do proxecto, os técnicos da Deputación xa estiveron na zona. Sinala que hai que resolver as necesarias cesións de terreos polo veciños, ou expropiacións no seu caso. Di que non pode indicar prazos porque desde a Deputación non llos deron, o procedemento vai ser lento, pero irá sobre seguro, porque non quere que se repitan os problemas que houbo en Coiro.

Sr. Alcalde: di que o PP asinou un convenio coa Deputación por 1.590.000 € e eses cartos vanse a destinar na súa totalidade ás obras da EP 1005. Presenta unha emenda que literalmente di:

“Substituír a parte resolutiva a moción do PP pola seguinte proposta:

1.- Garantir no proxecto que está en fase de elaboración o investimento pleno de 1.050.958,27 millóns de euros previsto recollido no convenio asinado.

2.- Ante a posibilidade da escaseza do orzamento para executar a obra na súa totalidade, solicitar da Deputación Provincial que se inclúan, no proxecto que se está a redactar, as fases necesarias que permitan afrontar a totalidade das necesidades de mellora e seguridade na EP 1005 Viso-O Hío con cargo a orzamentos vindeiros.”

Sr. Soliño Costas: presenta a documentación que se trouxo unida en CD á moción, CD que se deixou en Alcaldía e que inclúe as cesións realizadas. Di que é certo que falta o proxecto de execución, pero hai anteprojecto e proxecto básico.

Di que o proxecto de execución pode facerse en dez días e a Deputación leva dous anos sen facer nada, non conta con partida presupostaria para esta obra e pretenden volver a iniciar o



procedemento desde o principio. Pide que se apoie a moción para que a estrada se faga con dúas beirarrúas e sen ningunha dicriminación. Di que a Deputación agora pretende facer beirarrúas só por un lado.

Sra. Giráldez Santos: di que o Concello pedíu a documentación en varias ocasións e non a obtivo.

Sr. Soliño Costas: resposta que a documentación a ten a Deputación e os veciños e que o Concello tamén o ten.

Sra Giráldez Santos: considera moi grave que o PP diga que eles e os veciños teñen un CD con toda a documentación que non ten nin o Concello nin a Deputación. Di que o equipo de goberno está a facer todo o esforzo coa Deputación para que esta obra se faga e se faga ben e con todas as garantías.

Sr. Gestido Porto: di que os veciños queren que se faga a obra canto antes e nas mellores condicións, pide que se deixen as cuestións partidistas e se trate de dar unha solución.

Sr. Millán González: lembra que fai anos que as emendas de substitución se considerou que tiñan que ser presentadas coma mocións independentemente, pregunta se se vai a respectar esta regra.

Sr. Soliño Costas: di que os proxectos de obra que se están a executar en Cangas non contan con proxecto de execución, senón que se executan co proxecto básico.

Sr. Abalo Costa: pide que conste en acta a presentación da emenda.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de "CANGAS DECIDE").

Votos en contra: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Abstención: 1 do concelleiro presente do PsdeG-PSOE.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3201/2017. Moción do grupo PSOE de 08.05.2017 s/ modificación da ordenanza fiscal núm.3 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica

Non hai acordo

Motivo: Necesidade de completar o expediente



Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.05.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PS de G-PSOE, do día 15.03.2017, relativa á modificación da ordenanza fiscal núm.3 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, que é como segue:

“Moción que presenta o Grupo Municipal Socialista do Concello de Cangas referente á “Modificación da Ordenanza Fiscal nº 3, Reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica; da ordenanza reguladora das limitacións do uso do estacionamento das vías públicas con horario limitado gratuito (zona azul), e da ordenanza reguladora de zonas peonís para habilitar zonas de estacionamento de motocicletas”.

Alfredo Iglesias Santos, Concelleiro-portavoz do Partido Socialista de Galicia-PSOE no Concello de Cangas (Pontevedra), ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 y 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno de la Corporación, esta MOCIÓN, en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O Concello de Cangas conta cun parque de case 2.600 unidades entre ciclomotores e motocicletas distribuídas por todo o Término Municipal, que reportan ás arcas públicas importantes cantidades en concepto de impostos, os cales constan na ORDENANZA FISCAL Nº 3, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA, segundo o seguinte cadro de tarifas, de conformidade co disposto no artigo 95 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de facendas Locais:

| <i>N.º</i> | <i>DESCRIPCIÓN</i> | <i>IMPOSTO (€)</i> |
|------------|--|--------------------|
| 990 | <i>CICLOMOTORES</i> | <i>8,84</i> |
| 674 | <i>MOTOCICLETAS ATA 125 cc</i> | <i>8,84</i> |
| 245 | <i>MOTOCICLETAS DE MÁIS DE 125 cc ATA 250 CC</i> | <i>15,14</i> |
| 154 | <i>MOTOCICLETAS DE MÁIS DE 250 cc ATA 500 cc</i> | <i>30,30</i> |
| 446 | <i>Motocicletas de máis de 500 cc ata 1.000 cc</i> | <i>60,58</i> |
| 78 | <i>Motocicletas de máis de 1.000 cc</i> | <i>121,16</i> |

Estes impostos que gravan sobre todo as motocicletas de máis de 250 cc semellan desproporcionados se os comparamos cos impostos que pagan outro tipo de vehículo de catro ou máis rodas. Por exemplo, un turismo de menos de 8 cabalos fiscais (calquera utilitario pequeno) paga 20,19 €; un turismo mediano, de entre 8 e 11,99 cabalos fiscais (cun motor de arredor de 1.000 cc), paga de imposto 54,53 €, fronte ós 60,58 € que paga unha motocicleta de ata 1.000 cc; un autobús de menos de 21 plazas, un camión de 1.000 a 2.999 kg veñen a pagar 166,60 €, fronte ós 121 € que paga unha motocicleta de máis de 1.000 cc.

É certo que a Lei de Presupostos Xerais do Estado fixa cada ano os valores do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, axustando o Concello o seu importe á alza, pero, segundo o dito, estamos ante un agravio comparativo no que as motocicletas, automoveis de dúas rodas que teñen moi limitado o seu uso debido ás condicións climáticas da nosa zona, pagan un imposto desproporcionado, aínda que lles permita estacionar en semellantes condicións que un turismo, un autobús ou un camión.



Todos os veciños deste Concello somos coñecedores -e sufridores- da carencia de prazas de estacionamento, tanto na vila de Cangas como nos núcleos urbáns das Parroquias, polo que algún quéixase cando atopa unha motocicleta estacionada nun espazo sinalado como para un turismo, o que obriga ó Goberno Municipal a tomar medidas para aliviar esta situación, como poden ser as de habilitar zonas específicas para estacionamento de ciclomotores e motocicletas.

A este respecto, hai que dicir que a Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial de 1990, modificada en 2009, no seu art. 39.2.e) establece que está prohibido aparcar “sobre las aceras, paseos e demais zonas destinadas ó paso de peóns”. Sin embargo, esta prohibición tén algunhas excepcións, xa que se entende que hai moitos casos distintos e en ocasións non queda máis remedio que aparcar nas beirarrúas para no crear un caos circulatorio. Por iso, tamén prevé que “os Municipios, a través da Ordenanza Municipal, poderán regular a parada e o estacionamento dos vehículos de dúas rodas e ciclomotores de dúas rodas sobre as beirarrúas e paseos sempre que non se perxudique nin se entorpeza o tránsito dos peóns por ela”.

Unha opción é aparcar na mesma calzada, en oblicuo, ocupando unha anchura máxima de entre 1,5 e 2 metros. Pero cando non sexa posible o estacionamento na calzada, ou noutros espazos reservados especificamente, os vehículos de dúas rodas poderán estacionar naquelas beirarrúas e paseos de máis de tres metros de ancho coas seguintes condicións: aparcar paralelamente á calzada, o máis próximo posible á mesma. En ningún caso se permitirán dúas fileiras de estacionamentos na beirarrúa. Cuando as beirarrúas ou o paseos teñan unha anchura superior a 6 metros, poderase aparcar en semibatería ou en ángulo. En ningún caso se permitirá aparcar na beirarrúa a menos de dous metros dos límites dun paso de peóns ou dunha parada de transporte público.

O acceso á beirarrúa ou paseo debería facerse a pé, utilizando únicamente o motor para salvar algún desnivel ou no caso de motocicletas de moito peso.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista solicita ó pleno da corporación a toma dos seguintes

ACORDOS:

1º) Modificar a Ordenanza Fiscal nº 3, Reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no sentido de, provisionalmente, non gravar o valor acordado na Lei de Presupostos Xerais do Estado.

2º) Habilitar prazas específicas para o estacionamento de ciclomotores e motocicletas ao longo de todo o Término Municipal de Cangas; asemade, modificar a Ordenanza Reguladora das Limitacións do Uso do Estacionamento das Vías Públicas con Horario Limitado Gratuito (zona azul), e da Ordenanza Reguladora de Zonas Peonís, no sentido de:

- Permitir estacionar naquelas beirarrúas e paseos de máis de tres metros de ancho coas seguintes condicións: aparcar paralelamente á calzada, o máis próximo posible á mesma.

- Permitir estacionar en semibatería ou en ángulo cando as beirarrúas ou o paseos teñan unha anchura superior a 6 metros.

Coas seguintes limitacións:

- En ningún caso se permitirán dúas fileiras de estacionamentos na beirarrúa.



- En ningún caso se permitirá aparcarse na beirarrúa a menos de dous metros dos límites dun paso de peóns ou dunha parada de transporte público.

O acceso á beirarrúa ou paseo deberá facerse a pé, utilizando únicamente o motor para salvar algún desnivel ou no caso de motocicletas de moito peso.

3º) Esixir ó Goberno de España unha nova clasificación dos vehículos de tracción mecánica en función doutros parámetros, como características dos motores e a súa incidencia no medio ambiente; tipo de carburante e a incidencia da súa combustión no medio ambiente; o deterioro ou desgaste que o vehículo pode ocasionar sobre a rúa; o tempo de uso do vehículo ó longo do ano, etc.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: explica o obxecto da moción presentada indicando que é unha proposta para que o equipo de goberno a teña en conta e sexa un punto de partida para modificar a ordenanza fiscal do IVTM.

Sr. Alcalde: indica que a proposta do PSOE para ser tramitada require de informes e estudos técnicos. Dá conta do informe emitido polo Interventor o día 26.05.2017, que literalmente di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: *Solicitud de informe de data 26 de maio de 2017 sobre a moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia respecto de “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 3, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA; DA ORDENANZA REGULADORA DAS LIMITACIÓNS DO USO DO ESTACIONAMENTO DAS VÍAS PÚBLICAS CON HORARIO LIMITADO GRATUITO (ZONA AZUL), E DA ORDENANZA REGULADORA DE ZONAS PEONÍS PARA HABILITAR ZONAS DE ESTACIONAMENTO DE MOTOCICLETAS”*

Data: 26 de maio de 2016

Preséntase moción por D. Alfredo Iglesias Santos, concelleiro do Grupo Municipal Socialista, asinada en data de 16 de maio de 2017 na que se solicita, polo que a esta Intervención afecta,

“1º) **Modificar a ORDENANZA FISCAL Nº 3, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA, no sentido de, provisionalmente, non gravar o valor acordado na Lei de Presupostos Xerais do Estado.**”

FUNDAMENTOS

Primeiro

A regulación do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) atópase nos artigos 92 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL). Polo que agora interesa a efectos da presente moción, a cota tributaria derivada do IVTM establécese no artigo 95 do TRLRFL, que establece a un cadro de tarifas a aplicar en función dos distintos obxectos tributarios que considera e determinadas características diferenciadoras entre cada tipo, que, no caso das motocicletas e ciclomotores, é a cilindrada destes.

A determinación definitiva das cotas tributarias resultantes realízase, por unha banda, mediante a



aplicación dun **coeficiente potestativo** que poden establecer os Concellos, que non poderá ser superior a 2, e mediante a aplicación, de ser o caso, das **bonificacións potestativas** que de igual xeito poden establecer os Concellos, fundamentadas no grao de afectación ao medio ambiente dos vehículos e na característica de históricos ou non destes.

De non determinarse polos Concellos, mediante Ordenanza fiscal, nin o coeficiente nin as bonificacións, a determinación da cota tributaria realizarase mediante a aplicación do cadro de tarifas que establece o propio TRLRFL.

Polo que aos termos do solicitado na moción afecta (provisionalmente, non gravar o valor acordado na Lei de Presupostos Xerais do Estado), cómpre sinalar que, malia que o artigo 95.2 establece que “El cuadro de cuotas podrá ser modificado por la Ley de Presupuestos Generales del Estado”, non consta que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 teña realizado modificación algunha ao respecto (o Título Sexto, Capítulo I, Sección 4 da Lei 48/2015, de Orzamentos Xerais do Estado para 2016, baixo o título de “Impuestos Locales”, consta unicamente do artigo 67, que leva por título “Coeficientes de actualización de valores catastrales del artículo 32.2 del texto refundido de la Ley del Catastro Inmobiliario”). De igual xeito, no proxecto da Lei de Orzamentos para 2017, en trámite parlamentario, non consta previsión respecto da modificación do cadro de tarifas establecido no artigo 95 do TRLRFL.

Sendo así o anterior, a solicitude contida na moción carece de obxecto nos termos en que se atopa formulada.

Segundo

Como se expón no apartado anterior, a determinación da cota tributaria do IVTM realízase mediante a aplicación do cadro de tarifas establecido no artigo 95 do TRLRFL e a aplicación, de establecelo a ordenanza fiscal, do coeficiente e das bonificacións que permite a normativa.

| | Tarifa Concello de Cangas | Tarifa TRLRF | Padrón tarifa Concello | Padrón tarifa TRLRFL | Diferencia |
|--|---------------------------|--------------|------------------------|----------------------|--------------------|
| Ciclomotores | 8,84 | 4,42 | 8.654,36 € | 4.327,18 € | 4.327,18 € |
| Motocicletas hasta 125 centímetros cúbicos | 8,84 | 4,42 | 5.516,16 € | 2.758,08 € | 2.758,08 € |
| Motocicletas de más de 125 hasta 250 centímetros cúbicos | 15,14 | 7,57 | 2.331,56 € | 1.165,78 € | 1.165,78 € |
| Motocicletas de más de 250 hasta 500 centímetros cúbicos | 30,3 | 15,15 | 3.511,02 € | 1.755,51 € | 1.755,51 € |
| Motocicletas de más de 500 hasta 1.000 centímetros cúbicos | 60,58 | 30,29 | 23.825,62 € | 11.912,81 € | 11.912,81 € |
| Motocicletas de más de 1.000 centímetros cúbicos | 121,16 | 60,58 | 8.481,20 € | 4.240,60 € | 4.240,60 € |
| TOTAIS | | | 52.319,92 € | 26.159,96 € | 26.159,96 € |

Polo que interesa á presente moción, no seguinte cadro ofrécese una comparativa entre as tarifas aplicadas polo Concello de Cangas, derivadas do establecido na Ordenanza fiscal número 3, Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, e as tarifas establecidas polo artigo 95 do TRLRFL, xunto co importe derivado do padrón cobratorio aprobado para o IVTM e



una proxección de cómo resultaría éste de aplicar as tarifas do TRLRFL, así como a cuantificación das diferencias a efectos de dereitos recoñecidos que produce a aplicación das tarifas establecidas no Concello.

Do anterior despréndese que a rebaixa das cotas tributarias establecidas para os vehículos que considera a moción é unha potestade municipal, dado que é a ordenanza Fiscal a que establece un coeficiente de recarga sobre os mínimos establecidos no TRLRFL, que son os que se toman no presente informe a efectos comparativos, e por debaixo dos que non poderá determinarse a cota tributaria aplicable, dado o seu carácter de mínimos.

A rebaixa do coeficiente aplicable e por tanto da cota tributaria aplicable é unha decisión de natureza non regrada, pero que debería atender a, reiterando o que facía constar esta Intervención en informe de 28 de outubro de 2016, a propósito de proposta de modificación da Ordenanza do IVTM, a propósito, precisamente, da rebaixa do coeficiente, e conseguintemente da tarifas, para os turismos de 12 hasta 15,99 cabalos fiscais :

- O menor ingreso deberá ser compensado con incrementos en outros conceptos ou economías no apartado de gastos, de xeito que a estabilidade orzamentaria non se vexa comprometida pola adopción medida*
- Unha medida deste tipo contravén as proxeccións do Plan de Axuste aprobado polo Concello, no que non se contemplan rebaixas tributarias nin en materia de ingresos en xeral.*

Cómpre engadir, e non perder de vista, que de acordo co artigo 31.1 da Constitución española:

*“Todos contribuirán al sostenimiento de los gastos públicos **de acuerdo con su capacidad económica** mediante un sistema tributario justo inspirado en los principios de igualdad y progresividad que, en ningún caso, tendrá alcance confiscatorio.”*

Este precepto atopa desenrolo no artigo 2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que establece:

“1. Los tributos son los ingresos públicos que consisten en prestaciones pecuniarias exigidas por una Administración pública como consecuencia de la realización del supuesto de hecho al que la ley vincula el deber de contribuir, con el fin primordial de obtener los ingresos necesarios para el sostenimiento de los gastos públicos.

*Los tributos, además de ser medios para obtener los recursos necesarios para el sostenimiento de los gastos públicos, **podrán servir como instrumentos de la política económica general y atender a la realización de los principios y fines contenidos en la Constitución.***

2. Los tributos, cualquiera que sea su denominación, se clasifican en tasas, contribuciones especiales e impuestos:

(...)

*c) Impuestos son los tributos exigidos sin contraprestación cuyo hecho imponible está constituido por negocios, actos o hechos **que ponen de manifiesto la capacidad económica del contribuyente**”*



Engadindo o artigo 3 do mesmo texto legal:

“La ordenación del sistema tributario se basa en la capacidad económica de las personas obligadas a satisfacer los tributos (...)”

Desta regulación cabe concluir que:

- *A finalidade primordial dos tributos é obter recursos para soste os gastos públicos*
- *A regulación dos tributos debe responder, primordialmente, á obtención de ingresos en función da capacidade económica dos contribuíntes, malia que poidan ademais servir como instrumentos de política económica xeral e atender aos fins contidos na Constitución.*
- *No caso concreto dos impostos, o gravame fundaméntase na capacidade económica das persoas*

Por tanto, a regulación dos impostos debe atender fundamentalmente á capacidade económica, non a outro tipo de consideracións, como é a intensidade de uso, pois en opinión desta Intervención, ese tipo de consideracións levaría ineludiblemente á perda de progresividade, xustiza e equidade do sistema tributario. E tampouco se pode esquecer que, para soste un nivel adecuado de servizos, que conleva ineludiblemente un nivel proporcional de gasto público, cómpre manter un nivel de equivalente de ingresos.”

Explica que a Policía ten encomendada a realización dun estudo que determine as beirarrúas onde se podería habilitar un aparcamento para motocicletas. Pide que se retire a moción, á espera do informe da Policía Local, para volver a redactar a moción nos termos que permita tal informe, así coma o emitido polo Interventor e traela ao vindeiro pleno.

Sr. Iglesias Santos: di que a moción pide minorizar o imposto nunha contía que o Concello podería asumir por non ser moi elevado, pero que para os cidadáns si sería significativa. Indica que presenta unha proposta e que é o goberno quen debe decidir se se aproba ou non. Acepta esperar un mes para volver a aprobar a moción no vindeiro pleno.

Sr. Abalo Costa: considera necesario unha reforma seria cunha lei de financiamento das Entidades Locais, xa que agora mesmo a maior porcentaxe de financiamento procede do bolsillo dos veciños.

Sr. Iglesias Santos: di que o Concello dentro da súa marxe de competencia elimine o 2% do IVTM o cal terá unha incidencia mínima para o Concello e liberará a falta de prazas de aparcamento. Di que retira a moción co compromiso do goberno de aportar canto antes os informes técnicos necesarios.

Expediente 3196/2017. Moción do grupo PSOE de 08.05.2017 s/ a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico en Galicia

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 1, En contra: 0,
Abstencións: 20, Ausentes: 0

Incidencias:



Cando son as 22:12 abandona o Salón de Sesións o Sr. Alcalde e queda na Presidencia a primeira tenentes de Alcalde, Sra. Giráldez Santos.

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.05.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, do día 08.05.2017, relativa á ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico en Galicia, que é como segue:

“Moción que presenta o Grupo Socialista do Concello de Cangas referente á “Ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico en Galicia”.

Alfredo Iglesias Santos, concelleiro-portavoz do Partido Socialista de Galicia – PSOE no Concello de Cangas (Pontevedra), ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 y 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno de la Corporación, esta Moción, en base á seguinte:

Exposición de motivos

O sector do turismo a día de hoxe podemos consideralo como unha das actividades económicas máis importante para Galicia, xa que contribúe a crear numerosos postos de traballo e favorece o reequilibrio territorial.

A tendencia de alugar a vivenda habitual por días ou por semanas, tanto por parte dos particulares como por parte dos turistas, pode ser entendido nalgúnhas ocasións como competencia desleal, o que vai en contra da calidade dos destinos turísticos.

Nada máis lonxe da realidade. Precisamente por iso é polo que existiu un gran consenso no sector sobre a necesidade de regular esta nova tendencia.

O Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, debía nacer pois coa intención de establecer a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia e regular as vivendas de uso turístico, sempre que cumpran os requisitos establecidos, partindo dun consenso que, a todas luces, se ve que non existiu.

Hoxe en día, tanto a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia, como a Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) solicitan que se eliminen ou corrixa algúns dos aspectos que recolle o decreto xa aprobado, e que está a piques de entrar en vigor.

Incluso o requirimento feito pola CNMC significa un paso previo ao xa anunciado, de non terse en conta o dito requirimento contencioso-administrativo ante o TSXG.

Considerando os antecedentes doutros contenciosos similares en distintos Tribunais Superiores de Xustiza doutras Comunidades Autónomas como Madrid ou Canarias, nos manifestamos a necesidade de abordar de novo o tema e de buscar as vías de solución de



maneira consensuada e dialogada.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista solicita ao pleno da corporación a toma dos seguintes acordos:

1º Tomar en consideración os requirimentos da CNMC (Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia), e as peticións realizadas polo sector para modificar nos termos precisos o Decreto 12/2017, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

2º Adiar a entrada en vigor do Decreto 12/2017, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia, polo menos en seis meses ata a súa modificación, de tal xeito que recolla os requirimentos da CNMC, en moitos casos coincidentes coas peticións do propio sector, evitando dese xeito a interposición de procesos xudiciais que obriguen finalmente á modificación do decreto.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: expón o contido da moción.

Sra. Hermelo Piñeiro: di que o decreto tivo unha exposición pública, prazo no que a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia non fixo alegacións. Cre que este problema ten que resolvelo a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia e a Xunta de Galicia, polo que se van abster.

Sra. Castro Paredes: di que están a tratar un asunto de competencia autonómica, se ben está de acordo en que se realice unha regularización, pero non nos termos en que se fixo. Pide que se retire o primeiro punto da moción, porque considera que non é correcto, pero si apoiarán o punto segundo.

Incidencias:

Cando son as 22:19 incorpórase ao Salón de Sesiós o Sr. Alcalde.

Sr. Iglesias Santos: di que o primeiro punto se está a referir á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia coma un organismo público que é, sen estar vinculada a ningún partido político. Cre que o primeiro punto non é contradictorio co segundo. Lembra que a problemática xurdíu na zona do Salnés, tras a crise a cobertura hosteleira empezou a baixar e o colectivo de hosteleiros reaccionou contra os alquileres de vivendas turísticas.

Sr. Hermelo Álvarez: di que se trata dun tema difícil porque implica un problema moi serio de vivenda e de aluguer, é necesaria unha normativa que favoreza a quen quere alugar vivendas de uso turístico nunhas determinadas condicións que non prexudique o acceso ao aluguer de uso familiar durante todo o ano. Cre necesaria unha regulación, pero non de calquera forma. Vanse abster.

Sr. Iglesias Santos: cre que investir nunha segunda ou terceira vivenda é totalmente lexítimo, incluso máis que destinar tales cartos a unha conta bancaria coa que especular en inversións.



VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 1 do concelleiro presente de PsdeG-PSOE

Abstencións: 20 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 de Cangas Decide e 8 do PP.)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3200/2017. Moción grupo PP de 08.05.2017 s/ o aparcadoiro de Rodeira

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 10, En contra: 11, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.05.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada do día 18.05.2017, relativa ao aparcadoiro de Rodeira que é como segue:

“D. Jesús M. Graña Graña como concelleiro do grupo municipal do Partido Popular ten a ben levar a seguinte proposta para ser debatida no Pleno Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende fai anos,e especialmente durante as vacacións de Semana Santa e as de verán,no aparcadoiro situado o inicio da praia de Rodeira entre a Casa da Cultura e os chalets, estacionan autocaravanas durante largo tempo. Algunhas incluso con calzos permanecen alí durante semanas,usando ese estacionamento de xeito inadecuado.

Tanto o pasado verán como esta derradeira Semana Santa a situación, lonxe de arranxarse, foi a peor, sendo moi numeroso o número de estas autocaravanas "acampadas" no citado aparcadoiro. Esta imaxe adornaba de cotío o estacionamento de Rodeira ,coas conseguintes queixas e denuncias de veciñ@s e usuari@s,.

Esta situación condiciona o estacionamento de outros usuarios,debido a que estes vehículos necesitan máis dunha praza de aparcamento, do mesmo xeito que os camións.

Ademais estas situacións de longos períodos de tempo estacionados pode conlevar tamén problemas de insalubridade e de ser un claro incumprimento da normativa. Incluso había mesas e cadeiras plegables instaladas a carón de algún destas autocaravana, tamén,ter estendidas ventás (batientes ou proyectables) e toldos cos que aumentaban aínda máis as súas dimensións.

Resulta máis que curioso que a portavoz do B.N.G cando estaba na oposición denunciaba esta



situación e reclamaba que se fixera o control por parte do Goberno Municipal; agora que ten responsabilidades de goberno esquecese do predicado.

Tamén no pasado verán, tras reunirse cos veciñ@s do Forte, a Sra. Giráldez expresa na prensa que se prohibirán os estacionamentos de autocaravanas en Rodeira, feito que a día de hoxe non se levou a cabo.

Acercándonos xa a época estival, que onde se agrava máis esta situación descrita anteriormente, o noso Grupo Municipal considera que se deben tomar as decisións adecuadas para regular o aparcadoiro de Rodeira polo que se propón as seguintes propostas de acordo:

PROPOSTAS DE ACORDO

1) Que se reserve o aparcadoiro de Rodeira só para automóbiles turismos e demais vehículos que se adapten as prazas de estacionamento sinalizadas, coa excepción da zona xa existente de aparcamento reservado para autobuses turísticos tal e como indica a sinalización.

2) Que se busque unha alternativa na contorna da praia de Rodeira para o aparcamento, (que non acampada), de autocaravanas e demais vehículos que non cumpran coas medidas das prazas no antedito aparcadoiro.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Graña Graña: expón a moción presentada. Lembra que a concelleira da área afirmou que ía prohibir o aparcadoiro de vehículos de determinadas dimensións en Rodeira. Dá lectura aos puntos de acordo.

Sra. Giráldez Santos: di que no 2014 o BNG denunciou a proliferación de aparcadoiros e acampadas ilegais, porque había caravanas que pasaban meses aparcadas no mesmo lugar. O goberno do PP de 2014 de feito comprometeuse a tomar medidas nesta problemática. Di que o goberno non pode impedir o estacionamento dos vehículos que non superen as marcas viais pintadas no aparcadoiro, tales marcas non permiten o aparcamento de grandes autocaravanas. Corresponde á Policía Local controlar o cumprimento destes límites. Di que a día de hoxe non se coñecen acampadas de longa duración como si houbo no pasado. Aclara que ela non fixo as declaracións ás que se referiu o Sr. Graña Graña. Repite que unha cousa é aparcar e outra é acampar.

Sr. Graña Graña: dá lectura á denuncia feita polo BNG nesta materia e que así saíu na prensa o ano pasado e este ano mesmo hai en Rodeira autocaravanas aparcadas, e tamén camións e microbuses.

Pide que se adapten as medidas de sinalización pertinentes. Considera que a Sra. Giráldez Santos non leu a moción. Di que non se refire só ás autocaravanas porque tamén aparcen camións e microbuses que incluso pernoctan alí.

Sr. Iglesias Santos: di que votará a favor.

Sr Gestido Porto: sinala que tamén votará a favor.

Sr. Alcalde: di que o goberno actuará no tema, pero unha vez que se complete o plantel de policía que o goberno anterior deixou desmantelada.



Sra Giráldez Santos: explica que leu a moción do PP e que reconece a problemática denunciada no 2014, pero non se reuníu cos veciños do Forte como di a moción. Explica que a sinalización xa existe, as prazas pintadas marcan as dimensións dos vehículos que poden aparcar alí. Pide que se avise á Policía Local cando se teña coñecemento de vehículos indebidamente estacionados en Rodeira. Di que votará en contra. Considera difícil habilitar un aparcadoiro na contorna de Rodeira.

Incidencias: Non está presente na votación o Sr. Abalo Costa.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 10 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide).

Votos en contra: 10 (3 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Polo tanto, prodúcese un empate na votación.

2ª VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 10 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide).

Votos en contra: 10 (3 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, co voto de calidade do Sr. Alcalde, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3203/2017. Moción de Cangas Decide de 17.05.2017 s/ regularización dos estacionamentos en fincas particulares cerca das praias.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0,

Abstencións: 8, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.05.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Cangas Decide, do día 15.05.2017, relativa a regularización dos estacionamentos en fincas particulares cerca das praias. que é como segue:

“D. José Luis Gestido Porto, portavoz do Grupo Municipal de CANGAS DECIDE, presentan para seu debate no Pleno a seguinte PROPOSTA-MOCIÓN:

Cando chega o verán Cangas empeza a falar dos "leira-parking's", zoas de aparcamento, situadas en fincas particulares cerca das praias. Todos votamos as mans á cabeza, e miramos para outro lado, advertindo da súa ilegalidade e pouco mais. A administración local, fai oídos sordos, pero a realidade e que son necesarios, porque en caso contrario provocaría semejante caos de circulación na estrada do Hío que quedaría colapsada se estes espacios non existiran.



Dende moitos colectivos veciñais do Hio, estánse demandando solucións a este problema, moitas veces propietarios de vivendas non poden sair da súa casa, porque ten un coche dificultando a súa saída ou porque a penitencia de desplazarse polo vial que dispoñen sería moi grande.

Veciños están dispostos a ceder a súas fincas para evitar un caos de circulación e Corporación tras Corporación seguimos sin darlle unha solución.

E polo que presentamos para o seu debate no Pleno as seguintes propostas:

Instar á Xunta de Galicia para iniciar os trámites necesarios para legalizar e regularizar este tipo de actividade.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Gestido Porto: explica o contido da moción. Lembra a corrección acordada na Comisión Informativa sobre o punto de acordó que queda redactado da seguinte forma: “*Instar á Xunta de Galicia a iniciar os trámites necesarios para legalizar e regularizar este tipo de actividade*”.

Sr. Millán Blanco: cre que se trata dun tema que require resolver de forma máis discreta posible. Sinala que desde o punto medioambiental esta actividades son positivas porque garante a limpeza de fincas e eliminar coches das estradas e dos arcéns. Pero hai outro tema que é o laboral e fiscal que é moito máis delicado. Cre que a moción é algo inconcreta e pide que se busque unha solución entre as partes sen publicidade mediática.

Sr. Iglesias Santos: cre contradictoria a postura que se mantivo no debate das vivendas turísticas con respecto á que se está a defender agora. Non entende a postura do PP.

Sra. Castro Paredes: di que votará a favor sempre que se faga un engadido que diga:

“Coa participación dos colectivos e sectores implicados”

Sr. Gestido Porto: considera que calquera regulación debe contar cos colectivos afectados. Acepta o engadido.

Di que efectivamente debe cumprirse a normativa laboral, pero é necesario para iso que a actividade estea regulada.

Sr. Millán Blanco: está conforme coa necesidade de regularizar a actividade, pero cre que o maior problema é outro, a regularización é boa, pero non vai solucionar todo o problema.

Incidencias:

Cando son as 22:57 horas incorpórase ao Salón de Sesiós o concelleiro Sr. Abalo Costa.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide).

Abstencións: 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.



Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente coa redacción acordada pola Comisión Informativa Única e o engadido proposto, quedando o acordo redactado da seguinte forma:

“Instar á Xunta de Galicia a iniciar os trámites necesarios para legalizar e regularizar este tipo de actividade coa participación dos colectivos e sectores implicados”

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta dos informes de reparo de intervención do primeiro cuatrimestre de 2017 segundo a base de execución núm. 38 do orzamento municipal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta dos informes de reparo de intervención do primeiro cuatrimestre de 2017, segundo a base de execución núm. 38 do orzamento municipal.

O Concello Pleno, queda informado do presente asunto.

Dación de conta das Resolúcións da Alcaldía ditadas desde o 25 de abril ao 22 de Maio do 2017

O Concello Pleno, queda informado das Resolúcións dictadas pola Alcaldía desde o 25 de abril ao 22 de maio do 2017.

Dación de conta da execución presupostaria do primeiro trimestre 2017

Dáse conta da execución presupostaria do primeiro trimestre de 2017.

O Concello Pleno, queda informado do presente asunto.

Dación de conta do seguimento do plan de axuste, primeiro trimestre 2017

Dáse conta do seguimento do plan de axuste, primeiro trimestre 2017.

O Concello Pleno, queda informado do presente asunto.

Dación de conta do informe de morosidade e periodo medio de pago, correspondente ao primeiro trimestre 2017



Concello de Cangas

Dáse conta do informe de morosidade e período medio de pago, correspondente ao primeiro trimestre de 2017.

O Concello Pleno, queda informado do presente asunto.

Dación de conta da sentenza 84/2017 do TSX de Galicia

Dáse conta da sentenza 84/2017 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O Concello Pleno, queda informado do presente asunto.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Sr. Gestido Porto: pide que se pregunte á empresa encargada da sede electrónica sobre a posibilidade de achegar a documentación das sesións plenarias dunha forma máis sinxela.

Sra. Hermelo Piñeiro: pregunta polo horario das bibliotecas, xa que non se ampliou o horario o cal é moi necesario en época de exames.

Sr. Graña Graña: fai un ano que solicitou documentación sobre a área de medio ambiente e non se lle contestou, fai máis dun mes que o volveu a solicitar e tampouco se lle respostou.

Sr. Alcalde. Di que ten á súa disposición a documentación que queira consultar.

Sr. Sotelo Villar: no pleno pasado preguntou pola posibilidade de acceder ao rexistro de entrada, pide novamente que se busque a forma de habilitar ese acceso.

En relación a unha moción pasada pola que se solicitaba a Infraestrutura e Vivenda que se resolvera os problemas existentes na “Recta do Conde” indica que xustamente están a colocar unha biondas que o único que fan é impedir o tránsito da xente. Pide que se insista na limpeza desas árbores e fagan un muro ou medida similar.

Sr. Graña Graña: reitera o problema do sinal de minusválidos na rúa Ensinanza, contraria ao sentido do tráfico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850